

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2024, polo que se aproban as normas sobre a composición dos tribunais dos procesos selectivos e das comisións de valoración da Administración do Parlamento de Galicia.

Nos últimos anos, os procesos selectivos para o acceso á función pública da Administración do Parlamento de Galicia, así como os de provisión de postos de traballo, incrementáronse considerablemente, debido ao número de persoal funcionario ao servizo desta institución que accede á xubilación, incremento que se acompaña dun aumento do número de solicitudes para participar nos procesos de selección e de provisión, o que supón unha acumulación da carga de traballo na súa xestión.

Esta circunstancia xustifica que os tribunais que se designen nos procesos selectivos, así como as comisións de valoración, poidan estar compostos no só polo persoal funcionario que presta os seus servizos na Cámara, senón por persoal funcionario de carreira de calquera administración pública que pertenza a corpos ou a escalas para cuxo acceso sexa requisito un nivel de titulación igual ou superior ao do corpo ou da escala do Parlamento de Galicia en que as persoas aspirantes pretendan ingresar. Este criterio seguiríase para seleccionar persoal funcionario interino e para a provisión de postos de traballo.

En consecuencia, conforme o disposto no artigo 30.1.2ª do Regulamento da Cámara, no artigo 8 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e no artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 17 de xullo de 2024, dispuxo:

Artigo 1. Composición dos tribunais selectivos e das comisións de valoración

Os tribunais dos procesos selectivos para seleccionar persoal funcionario de carreira ou interino da Administración do Parlamento de Galicia e as comisións de valoración para a provisión de postos de traballo estarán integrados por cinco membros titulares e os seus suplentes, con voz e voto: unha presidenta ou un presidente, un secretario ou unha secretaria e tres vogais.

Artigo 2. Designación dos membros dos tribunais selectivos e das comisións de valoración

1. A designación dos membros dos tribunais selectivos e das comisións de valoración será proposta pola unidade competente en materia de persoal da Administración do Parlamento de Galicia, entre persoal funcionario de carreira desta administración ou entre persoal funcionario de carreira de calquera administración pública que pertenza a corpos ou a escalas para cuxo acceso sexa requisito un nivel de titulación igual ou superior ao exigido para acceder ao corpo ou á escala do Parlamento de Galicia en que as persoas aspirantes pretendan ingresar.



2. No caso de selección de persoal funcionario interino para ocupar temporalmente postos de traballo reservados a persoal funcionario de carreira, así como para a provisión de postos de traballo, seguirase o mesmo criterio de equivalencia.

3. A designación será aprobada por resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia.

Disposición transitoria única. *Procesos selectivos ou de provisión en curso*

Estas normas aplicaranse aos procesos selectivos ou de provisión de postos de traballo en curso no momento da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

